

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL SOBRE O ACONDICIONAMENTO E DEFINIÇÃO DA XESTIÓN DO EDIFICIO DE NORMAL

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Reitor da Universidade da Coruña (en adiante UDC) en virtude do Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de A Coruña (DOG 11/01/2016), e intervindo no exercicio das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (BOE do 24/12/2001), e o artigo 36.1.f dos Estatutos da UDC, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26/05/2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17/10/2007).

Doutra, D. _____, que actúa en nome e representación do Concello da Coruña e na súa condición de alcalde, en virtude do artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que lle atribúe a representación do concello.

E doutra, D.^a _____, que actúa en nome e representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e na súa condición de conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Todas as partes recoñécense reciprocamente a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. Mediante o Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e de integración destes nas novas universidades da Coruña e Vigo, quedaba segregado da Universidade de Santiago de Compostela e incorporado á Universidade da Coruña o centro adscrito situado no Paseo de Ronda, 47 da cidade da Coruña, con referencia catastral 7023005NJ4062S0001GZ e unha superficie total de edificación de 8126 m² e 10 933 m² de terreo anexo (a partir de agora «edificio de NORMAL»).

Segundo. O edificio de NORMAL, deseñado para ser a Escola Normal de Maxisterio polo arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, actualmente acolle a sede da Fundación Universidade da Coruña, a Universidade Sénior da Coruña, un teatro e Pavillón de Deportes e o CEIP de Prácticas da Coruña.

Terceiro. Os usos e a xestión actuais do edificio de NORMAL son os seguintes:

A Universidade da Coruña, titular do inmovible, xestiona a planta baixa do edificio que consiste nun amplo espazo expositivo, dividido en varios módulos, e nun auditorio e a primeira planta, que alberga as dependencias da Universidade Sénior e da Fundación da Universidade da Coruña, denominada FUAC. A Universidade da Coruña actualmente está asumindo o custo enerxético da calefacción de todo o edificio en que se inclúe o Colexio CEIP de Prácticas, cunha produción de calor centralizada por caldeira de gasóleo. Igualmente, está asumindo a inspección periódica de baixa tensión de todo o edificio.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é titular do CEIP de Prácticas da Coruña e realiza as actuacións referidas aos investimentos, mentres que o Concello realiza os labores de mantemento, con excepción dos que se mencionan no parágrafo anterior.

Cuarto. Canto aos usos e á xestión actual do terreo anexo ao edificio de NORMAL, este precisa dun acondicionamento para o seu uso, por tanto, vaise pechar provisionalmente, co fin de garantir a seguridade dos rapaces do colexio.

Quinto. As partes están de acordo en colaborar no acondicionamento e na definición do marco de xestión do edificio e do terreo anexo, de xeito que permita optimizar a xestión

deste activo e mellorar os servizos que están a disposición das persoas usuarias e da cidadanía en xeral.

Por todo iso, as partes asinantes, para lograr unha maior eficacia na consecución dos seus fins, subscriben este convenio marco de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

É obxecto do presente convenio:

- A definición dun marco colaborativo entre as partes asinantes para o acondicionamento e a xestión común do edificio e do terreo anexo ao edificio de NORMAL.
- A determinación das condicións e dos termos en que as partes asinantes asumen as tarefas de mantemento, reparación e conservación do edificio de NORMAL, en relación coa responsabilidade que se ostenta na xestión dos lugares.

Segunda. Obrigas das partes

As partes asinantes asumen as seguintes obrigas para o acondicionamento e a definición da xestión do edificio e do terreo anexo ao edificio de NORMAL.

A Universidade da Coruña:

- ❖ asume os custos relativos ao mantemento, reparación e conservación da parte do edificio de NORMAL xestionada pola Universidade da Coruña e destinado a actividades relativas á difusión da cultura, docencia, e xestión universitaria. Do mesmo xeito, asume os investimentos actuais e futuros relativos a esta parte do edificio.
- ❖ cede o uso do Pavillón de Deportes de NORMAL ao CEIP de Prácticas da Coruña de luns a venres no horario das 9:00 h ás 12:00 h.

A utilización será, en todo caso, compatible coas necesidades da Universidade para os seus propios equipos federados, eventos e programas deportivos e culturais, ben como das prácticas docentes das distintas titulacións relacionadas

coa actividade física e deportiva. A Universidade comunicará ao CEIP cunha antelación mínima de sete días a imposibilidade de usar as instalacións por actividades propias da UDC.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- ❖ Asume os investimentos da parte do edificio de NORMAL destinado a centro educativo non universitario. Para estes efectos, esta consellería deberá realizar os traballos de acondicionamento para a segregación da instalación actual unificada de caldeiras do edificio, que permita individualizar os consumos de calefacción entre a parte do edificio xestionado pola Universidade da Coruña e a parte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Mentres non se fagan estas obras os custos de subministración de combustible ou enerxía para a calefacción están asumidos pola Universidade da Coruña.

O Concello da Coruña:

asume os custos relativos á conservación, mantemento e vixilancia da parte do edificio de NORMAL destinado a centro educativo non universitario de conformidade co disposto na Disposición Adicional 15.^a, alínea segunda, da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Terceira. Persoal

O persoal funcionario, laboral ou de calquera outro tipo dependente da Universidade da Coruña e da Xunta de Galicia que presta servizos no edificio obxecto deste acordo seguirá dependendo laboralmente da súa entidade respectiva.

Cuarta. Seguimento e control

Para o seguimento e control do cumprimento dos compromisos adquiridos no presente convenio, ademais de para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento que estará composta por un representante de cada unha das partes asinantes, que se encargará de garantir o seu cumprimento eficaz e acordar, se for preciso, as accións necesarias para o seu correcto funcionamento.

O funcionamento da comisión axustarase ao que dispón a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as partes.

A Comisión reunirase, en sesión ordinaria, unha vez ao ano e de forma extraordinaria por petición de calquera dos seus membros.

Cunha frecuencia semestral, a citada comisión avaliará, entre outras, as seguintes variables do cumprimento do convenio:

- O estado das obras de acondicionamento dos espazos.
- O cumprimento dos obxectivos do presente convenio.

No caso de que, tras calquera avaliación, se constatase a existencia dalgún incumprimento grave dos compromisos do convenio por calquera das partes, a Comisión instará a quen corresponda a resolver o problema detectado e, na súa falta, informará diso oportunamente aos representantes das partes, para a decisión que estes estimen procedente, incluída, de ser o caso, a resolución unilateral do convenio, de acordo co previsto na cláusula sétima.

Quinta. Réxime económico

As actividades previstas para cada unha das partes do presente convenio realizaranse con fondos propios de cada unha das partes asinantes nos termos que establece o presente convenio.

Sexta. Duración

A duración do presente convenio será de catro anos desde a súa entrada en vigor. O convenio poderá prorrogarse unanimamente polos asinantes, antes da finalización do prazo previsto, por un período de catro anos adicionais.

Sétima. Resolución do convenio

Este convenio poderase resolver polas seguintes causas:

- Por acordo das partes asinantes.
- Por denuncia do convenio por calquera das partes no caso de que, con motivo das valoracións de cumprimento que efectúe a Comisión de Seguimento prevista na cláusula cuarta se constate que algunha delas non está a cumprir adecuadamente os

compromisos adquiridos na súa virtude, e non fosen tomadas as medidas oportunas para corrixir o problema detectado.

A revogación ou denuncia do convenio por unha das partes terá efectos dous meses despois de ser notificada ás outras partes por escrito en que se expresa a vontade de prescindir de toda ou parte da colaboración que recolle este convenio.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a finalizar as actividades en curso.

Oitava. Modificación do convenio

Calquera modificación ou ampliación nalgunha das cláusulas deste convenio deberase realizar por escrito entre as partes co mesmo procedemento que o utilizado para a súa adhesión.

Novena. Réxime xurídico

De conformidade co disposto no art. 6 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, o presente convenio non ten natureza contractual, rexéndose polo disposto nos art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décima. Resolución de conflitos

Mediante a sinatura do presente convenio, as partes comprométense a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e a execución do presente convenio e que non poida resolver a Comisión de Seguimento prevista na cláusula cuarta, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa.

Undécima. Entrada en vigor

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura.

En proba de conformidade, todas as partes asinan este convenio por exemplar triplicado no lugar e na data que se indican a seguir.

A Coruña, 21 de novembro de 2018

Reitor da Universidade da Coruña

Alcalde do Concello da Coruña

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional
